



EXPOSICIÓN VAIDEMAR

A ilustración galega infantil e xuvenil

Do 16 de xaneiro ao 8 de febreiro na Biblioteca Municipal en Ponteceso

Vaidemar é unha mostra que pretende achegar a actualidade da ilustración infantil e xuvenil galega a un público especialmente interesado nas imaxes para nenos e nenas. Son dezasete artistas que componen a exposición e que foron elixidos baixo o criterio dun mínimo de obra publicada dende o ano 2000 ata o de agora e coa encomenda de interpretar o mar nunha obra inédita e original.

Un mar que propicie distintas olladas e sentimentos, reflectidos en manchas de cor, riscos de lapis, técnicas mixtas e tamén como nexo con outros mares, quizais non tan bravos, nin tan profundos, nin con tanta luz, pero igual de inspiradores.

Vaidemar chega a Ponteceso da man de Galix (Asociación galega do libro infantil e xuvenil) e a Fundación Caixa Galicia.

Poderá verse de **luns a venres de 09.00h a 13.00h e de 16.00h a 20.00h** na Biblioteca Municipal, situada no Centro Cultural en Ponteceso.

Ponteceso a 15 de xaneiro de 2013.